

Bases en:
<http://tarabelateca.blogspot.com/>
Data límite: 23 de abril de 2024



Convocatoria

O IES “Ramón M^a Aller Ulloa” convoca o **XI Concurso literario M^a Vitoria Taboada de poesía, relato curto e sketch teatral**, dirixido ao alumnado de ensino secundario, ciclos formativos de grao medio e FPB matriculados en centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

Bases:

Poderá participar todo o alumnado de secundaria, ciclos formativos de grao medio e FPB matriculados en centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os traballos deberán estar escritos en lingua galega e respectar a normativa actual.

Todos os traballos serán presentados en Arial 12 e 1,5 de espazo.

Extensión:

Poesía: deberán presentarse tres poemas cunha extensión mínima de 20 versos cada un.

Relato curto: extensión máxima de tres (3) folios e mínima de un (1).

Sketch teatral: cunha extensión de entre tres (3) e cinco (5) folios por unha cara.

Presentación:

O prazo de presentación remata o 23 de abril de 2024

Os orixinais poderanse presentar impresos ou en formato dixital (PDF, Libre Office ou .doc / .docx).

Impreso: Entregaranse asinados con pseudónimo, nun sobre aberto, coa

lenda “XI Concurso M^a Vitoria Taboada”. Nel incluírase, ademais da(s) obra(s), outro sobre pechado no que conste por fóra o pseudónimo co que se asinou e dentro o nome do autor ou autora, o enderezo e o teléfono. Poderanse entregar na Secretaría do IES “Ramón M^a Aller Ulloa” ou remitir a: Rúa Banda de Música de Lalín, 8. 36500 Lalín (Pontevedra). No sobre externo debe constar o lema “XI Concurso M^a Vitoria Taboada”.

Dixital: Enviaranse a www.marela@iesallerulloa.es, poñendo como asunto:

XI Concurso Vitoria Taboada. Non debe constar ningún dato persoal. O contacto establecerase, de ser necesario, a través do propio correo electrónico e do teléfono (débase aportar o número de contacto).

Haberá un premio para cadansúa modalidade. Poderán outorgarse os accésits que o xurado considere oportuno.

O fallo do xurado, integrado por profesorado, será inapelábel. O mesmo farase público o 6 de maio de 2024 na web do instituto e no blog da biblioteca.

Os premios consistirán en 80 euros e un lote de libros para as persoas gañadoras e de 50 euros e un lote de libros para os accésits, ademais dunha morea de parabéns.

A entrega de premios terá lugar no mes de maio nun acto poético-musical na Biblioteca. Os traballos premiados quedarán a dispor do IES Aller Ulloa para a súa posterior publicación.

Pódense ver as bases tamén en:

A Marela Tarabela, blog da Biblioteca: <http://tarablateca.blogspot.com/>

Na web do IES Aller Ulloa: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesallerulloa/>